

GALLÆCIA - III CONGRESSO INTERNACIONAL DE LINGÜÍSTICA HISTÓRICA

Homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina

Santiago de Compostela, 27-30 de xullo de 2015

SEGUNDA CIRCULAR

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2014

Tal e como se anunciaba na circular de lanzamento de *Gallaecia - III Congreso Internacional de Lingüística Histórica*, faise pública esta Segunda Circular, na que se inclúe información máis precisa e recomendacións sobre diversos aspectos académicos e organizativos do congreso. Advírtese, en todo caso, que as novidades figuran xa no sitio web <http://ilg.usc.es/3cilh/>.

1. Conferencias plenarias

Está xa confirmada a participación dos responsables das conferencias plenarias, así como os títulos provisionais destas:

- Henrique Monteagudo (USC): A lingua no tempo, os tempos da lingua. Gramática diacrónica e historia social
- Ataliba Teixeira de Castilho (USP / Unicamp): Sistemas complexos e mudanña lingüística
- Johannes Kabatek (UZH): Novas visualizacións dos datos lingüísticos
- Ivo Castro (ULisboa) [título pendente de confirmación]

2. Minicursos

Dentro do programa do congreso desenvolveranse sete minicursos de seis horas de duración (tres sesións de dúas horas). Todos eles terán lugar simultaneamente, polo que cada congresista poderá inscribirse soamente nun. Os minicursos terán matrícula independente e darán dereito a un diploma de asistencia específico.

A seguir indícanse os títulos dos minicursos programados, os seus responsables e o número de prazas dispoñibles. No sitio web do congreso pode consultarse o programa de cada un deles.

- Ana Maria Martins (ULisboa): Variação sintática (25 prazas).
- Dante Lucchesi (UFBA): O contato entre línguas na formação do Português Brasileiro (25 prazas).
- Fernando Ramallo (UVigo): Panorama sociolingüístico da Galicia actual (25 prazas).
- Mário Viaro (USP): Etimologia e morfologia histórica do português (25 prazas).
- Rita Marquilhas (ULisboa): Dados maus, dados bons (25 prazas).

- Rosario Álvarez (USC): Galego e portugués. Caracterización contrastiva da lingua galega (25 prazas).
- Xulio Sousa (USC): Xeolingüística e lingüística histórica (20 prazas).

As taxas de inscrición nos minicursos son as seguintes:

- Ata o 31 de decembro: 20 euros.
- Do 1 de xaneiro ao 31 de marzo: 25 euros.
- Do 1 de abril ao 31 de maio: 30 euros.

Co lanzamento desta segunda circular queda aberto o proceso para a inscrición nos minicursos. Dado que o número de prazas é limitado, a súa asignación realizarase por rigorosa orde de inscrición e pagamento.

3. Comunicacions libres

En relación coa participación nesta modalidade de estudantes de posgraduación, o Comité Organizador recomenda que, naqueles casos en que os titores ou directores non figuren como coautores dos traballos, as propostas de comunicación veñan avaladas ou supervisadas por eles.

4. Comunicacions coordinadas

No caso das propostas que desexen acollerse a esta modalidade, o coordinador ou coordinadora deberá remitir un resumo conxunto, no que figurarán os títulos das diferentes comunicacións e os nomes dos seus autores.

Ademais, os autores de cada unha das comunicacións deberán remitir un resumo individual, onde figurará o título da sesión coordinada e o nome do coordinador ou coordinadora.

5. Simposios

Dentro do programa do congreso desenvolveranse cinco simposios, que se celebrarán de xeito simultáneo. A asistencia a eles non terá custo adicional para os congresistas e tampouco requirirá realizar unha inscrición específica.

A seguir ofrécese unha relación dos simposios previstos con indicación dos seus responsables:

- Edición de textos. Maria Ana Ramos (UZH) / João Dionísio (ULisboa).
- Onomástica. Ana Isabel Boullón (USC) / Gonzalo Navaza (UVigo).
- Historiografía lingüística. Ricardo Cavaliere (UFF).
- Gramática, variación e mudanza. Ernestina Carrilho (ULisboa).
- Corpus lingüísticos e gramática histórica. Charlotte Galves (Unicamp) / Xavier Gómez Guinovart (UVigo).

6. Pósters

De acordo co indicado na circular de lanzamento, a organización do congreso ofrece aos inscritos na modalidade de póster un servizo para a súa impresión e colocación. Os

participantes interesados en encargalo deben remitir o póster nun arquivo pdf e en formato A4 ao enderezo electrónico do congreso (3cilh.gallaecia@gmail.com).

Este servizo, que inclúe a impresión do póster en formato 90 x 120 cm. e a súa instalación nun soporte, ten un custo adicional de 50 euros.

As persoas que non desexen contratar este servizo deberán traer impreso o seu póster e disporán dun espazo gratuíto para a súa exhibición.

7. Inscripción e pagamento

A submisión de propostas, a inscrición no congreso e o pagamento das taxas debe facerse a través dos formularios que figuran no sitio web do congreso. **Lémbrese que a inscrición só será efectiva ao realizar o pagamento.**

Todos os congresistas, calquera que sexa a súa modalidade de participación, deben pagar a taxa xeral de inscrición de acordo coa seguinte táboa:

	CON COMUNICACIÓN		SEN COMUNICACIÓN	
	Íntegra	Reducida	Íntegra	Reducida
Anticipado <i>(ata o 31.12.2014)</i>	110€	70€	70€	40€
Intermedio <i>(de 01.01.2015 a 31.03.2015)</i>	130€	80€	80€	45€
Estándar <i>(de 01.04.2015 a 31.05.2015)</i>	150 €	90€	90€	50€

Despois do 31.05.2015 só se aceptarán inscricións na modalidade sen comunicación.

Os prezos indicados non inclúen xantares de confraternización nin actividades culturais complementarias.

Tal e como se indicou anteriormente, existen taxas adicionais por asistencia a minicursos e por impresión e colocación de pósters.

8. Aloxamento e viaxes

A organización do congreso ten concertada unha oferta de hoteis e residencias coa axencia de viaxes Viloría (info@galiciaincoming.com). Na relación de establecementos figuran hoteis de diversas categorías e tamén residencias universitarias, que se ofrecen a prezo subvencionado. A relación completa de hoteis e residencias pode consultarse no sitio web do congreso, onde tamén se ofrece un plano da cidade en que se indica a súa situación, así como a dos lugares en que decorrerá o congreso.

A organización está negociando con esta e outras axencias de viaxes unha oferta de actividades turísticas complementarias, que se desenvolverán nos días anteriores e posteriores ao congreso. Esta oferta irase facendo pública de maneira progresiva a través da páxina web.

A información contida nesta Segunda Circular irá completándose progresivamente a través do sitio web do congreso, polo que recomendamos que estean atentos ás novidades visitándoo de forma periódica.

CONTACTO

Gallaecia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade 4
15782 Santiago de Compostela
3cilh.gallaecia@gmail.com
<http://ilg.usc.es/3cilh/>

Organizan:



Coa colaboración de:



FUNDAÇÃO
CALOUSTE
GULBENKIAN